

# OS MEDOS DO CAPITÁN CAGAINAS

OS MEDOS DO CAPITÁN CAGAINAS



José Carlos Andrés  
Sonja Wimmer



Quen é este capitán que ten medo de todo?

O capitán Cagainas vaise atopar  
coa pantasma dos ollos azuis, cun vampiro  
e ata cun lobishome!

Conseguirá superar os seus medos?

José Carlos Andrés  
Sonja Wimmer

ISBN: 979-13-87834-12-8 www.nubeocho.com



9 791387 834128





*A Sergi, que converte os personaxes  
de tinta en risas de cores.*

José Carlos Andrés

*Para Luna, a miña pequena pirata: nunca teñas  
medo de vivir na vida o que realmente che fai feliz.*

Sonja Wimmer



**Os medos do capitán Cagainas**

Colección Somos8

© do texto: José Carlos Andrés, 2014  
© das ilustracións: Sonja Wimmer, 2015  
© da edición: NubeOcho, 2015  
© da tradución: Iria Carballo, 2025  
[www.nubeocho.com](http://www.nubeocho.com) · [info@nubeocho.com](mailto:info@nubeocho.com)

Título orixinal: *Los miedos del capitán Cacurcias*

Primeira edición: Setembro, 2025  
ISBN: 979-13-87834-12-8  
Depósito Legal: M-10697-2025

Impreso en Portugal.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.



# OS MEDOS DO CAPITÁN CAGAINAS

José Carlos Andrés

Sonja Wimmer



# O capitán Cagainas

ten cara de pirata,  
viste coma os piratas  
e berra

BACALLA!

coma os piratas.

Vamos, que é un auténtico

**pirata.**





nin das quenllas, nin da noite, nin das tormentas... nin das quenllas nunha noite de tormenta! Era tan

**Cagainas non**

**tiña medo de nada:**

atrevido que non lle asustaban nin os iogures caducados. Nin os bicos das rapazas. Era o máis valente!

empezou a ter medo de todo!  
Ata da súa sombra.

dos seus zapatos duros e do que lle picaba a súa casaca,  
da súa estatura, de que a tripulación se rise del...

Hai pouco tempo, sen saber por que,  
o capitán empezou a ter medo de todo:






O barco de Cagainas chamábase

## «Malasombra Queasombra»

e todos os seus piratas eran  
moi brutos, terribles e feroces.

En realidade querían moito o seu capitán, pero sen que o  
soubese ninguén porque iso é algo que os piratas nunca din.

Cando se decataron de que Cagainas tiña tanto medo,  
decidiron axudalo.



Pensaron, pensaron, pensaron...  
e só se lles ocorreu levalo ao barco  
da pantasma dos ollos azuis.

—Pois vaia axuda tan mala! —dixo Cagainas.

É que estes piratas son moi brutos e pensar,  
o que se di pensar, non é o seu.

Cando Cagainas quedou só no barco,  
ocorreu o que tiña que ocorrer:  
apareceu unha pantasma.

Pero non unha calquera, non, apareceu...

## A PANTASMA DOS OLLOS AZUIS!

